

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 03/12/2012

(MLD/mmv)

Asunto: Informe económico financeiro en relación á aprobación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2013

D^a Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Deputación Provincial de Ourense, en relación co proxecto de orzamento da entidade provincial para o exercicio do ano 2013 e ó amparo do disposto no art.168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 e 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ten a ben emitir o seguinte informe:

Normativa aplicable:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adelante).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en adelante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.

Informe:

En base ao previsto no artigo 168.1 e) do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, e no art. 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, deberá unirse ao expediente orzamentario “un informe económico – financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.”

O importe do orzamento tanto no estado de gastos como no de ingresos ascende á cantidade total de 66.307.000,00 euros, diminuindo con respecto ó do último exercicio na cifra de 4.716.057,00 euros.

1.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos

O estado de ingresos para o exercicio 2013, alcanza un importe global de 66.307.000,00 €, que supón unha redución con respecto ao 2012 do 6,64 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2012	ANO 2013	Incremento/ diminución
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	2.500.000,00 €	2.500.000,00 €	0,00 %
III.- TAXAS,PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	5.103.698,96 €	5.766.259,14 €	12,98 %
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	56.721.195,50 €	55.096.583,35 €	-2,86 %
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	547.262,75 €	292.262,75 €	-46,60 %
VI.- ALLEAMENTO INVERSIÓNS REAIS	3.000,00€	51.000,00 €	1.600,00%
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.847.899,79 €	2.300.894,76 €	-60,65%
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00%
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €	%
TOTAL	71.023.057,00 €	66.307.000,00 €	-6,64 %

Capítulo 1. Impostos directos

O único imposto provincial, a recarga no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E), prevese por un importe exactamente igual ó calculado para o exercicio anterior.

Este capítulo alcanza un importe global de 2.500.000 €, que representa unha porcentaxe do 3,77 % sobre o total de ingresos de 66.307.000,00 €

Capítulo 3. Taxas e outros ingresos

O presente capítulo engloba as distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a realizar durante o exercicio e o seu importe total é de 5.766.259,14, que representa un 8,70 % con respecto ao importe total dos ingresos.

O incremento de ingresos no capítulo 3 en mais de 600.000 euros respecto ao exercicio anterior, débese fundamentalmente aos seguintes factores:

- Incremento dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas do Paco Paz
- Ingresos polas costas de expedientes de recadación en vía executiva.

Capítulo 4. Transferencias correntes

Este capítulo engloba os seguintes conceptos: Transferencias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. O importe total consignado neste capítulo representa un 83,09 % con respecto ao importe total de ingresos.

O capítulo 4 de transferencias correntes experimenta unha redución respecto ao exercicio 2012 de 1.624.612,15 euros que corresponden basicamente á redución da participación nos tributos do Estado. Estes ingresos seguen sendo un ano mais o principal recurso da facenda provincial, supondo para 2013 o 74,35 por cento do total do estado de ingresos. Se ben, a redución da participación nos tributos do Estado vese lixeiramente compensada polas transferencias provintes de entidades locais, debido á incorporación de novas unidades de xestión de limpeza (Castrelo de Miño e Ribadavia) e á construción de novas canceiras.

Capítulo 5. Ingresos patrimoniais.

Recolle os canons pola concesión da cafetería sita no pazo dos deportes, o aparcamento do hospital Santa María Nai, o produto do desenvolvemento rural e os intereses das contas bancarias; a consignación realizada no ano 2013 é moi inferior á de 2012 debido a desaparición dos ingresos provintes do centro ecuestre e representando con respecto ao importe global do orzamento, un 0,44%.

Capítulo 6. Alleamento de investimentos reais.

Este capítulo experimenta un incremento moi importante con respecto ao consignado no orzamento do exercicio 2012 debido á enaxenación polos valores residuais de maquinaria e automóbiles obsoletos

Capítulo 7. Transferencias de Capital

Este capítulo recolle os seguintes conceptos: transferencias do Estado, da Comunidade Autónoma, de Entidades locais, e da Unión Europea.

O importe consignado neste capítulo é de 2.300.894,76 € que representa 3,47 % con respecto ao total do orzamento de ingresos.

En canto á diminución que experimenta este capítulo con respecto ao 2012 é dun 60,65 % o cal trae causa, principalmente, na non aportación por parte do Estado ao plan de cooperación de obras e servizos (no 2012 xa foi eliminada esta aportación por parte do Estado, sen embargo foran consignadas no orzamento inicial) e ao remate na execución de ingresos na meirande parte dos proxectos europeos.

Capítulo 8. Activos Financeiros

Constituído polo reintegro dos anticipos realizados ao persoal, que non varía con respecto ao 2012 e acada un importe de 300.000,00 €.

Capítulo 9. Pasivos financeiros

Este capítulo non ten consignación orzamentaria.

2.- Suficiencia dos créditos para atende-lo cumprimento das obrigas esixibles

O estado de gastos para o exercicio 2013, alcanza un importe global de 66.307.000,00 €, que supón unha diminución con respecto ao 2012 do 6,64 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2012	ANO 2013	Incremento/ diminución
I.- GASTOS DE PERSOAL	29.125.044,75 €	27.814.622,96 €	-4,50 %
II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVICIOS	16.428.248,88 €	15.270.249,97 €	-7,05 %
III.- GASTOS FINANCEIROS	1.964.804,11 €	1.806.424,56 €	-8,06 %
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.652.413,48 €	5.046.000,00 €	-10,73 %
VI.- INVERSIÓN REAIS	12.065.485,89 €	10.041.174,97 €	-16,78 %
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.084.397,00 €	877.058,29 €	-19,12 %
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00%
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	4.402.662,89 €	5.151.469,25 €	17,01%
TOTAL	71.023.057,00 €	66.307.000,00 €	-6,64 %

Capítulo 1. Gastos de persoal.

Neste capítulo, que ascende á cantidade de 27.814.622,96 euros, fanse as consignacións necesarias de acordo coa Relación de Postos de Traballo (RPT) e co Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que contempla a conxelación das retribucións dos empregados públicos e garantízalles dúas pagas extraordinarias no 2013. A redución respecto ao exercicio 2012 en 1.300.000 € débese principalmente á amortización de prazas vacantes.

Representa, con respecto ao total do estado de gastos, un 41,95 %.

Capítulo 2. Gastos en Bens correntes e servizos.

Neste capítulo, sobre todo en determinadas aplicacións orzamentarias, mantense o problema de ter que atender obrigas de anos anteriores, reducíndose as posibilidades de financiar o gasto do propio exercicio, o que afecta ó equilibrio teórico inicial e incide no principio de anualidade.

A porcentaxe que representa este capítulo con respecto ao total de gastos é do 23,03%.

Capítulo 3 e 9. Gastos financeiros e pasivos financeiros.

Englóbanse os gastos de intereses e amortización, respectivamente, das operacións de crédito vixentes. Os gastos consignados recollen as anualidades previstas para o exercicio 2013 dos distintos préstamos así como os intereses correspondentes.

O importe consignado no capítulo 3 para o exercicio 2013 é de 1.806.424,56 € que representa un 2,72 % sobre o total de gastos. A diminución que experimenta este capítulo con respecto ao consignado no exercicio 2012 é do 8,06%, debido fundamentalmente á presupostación dos xuros a un tipo de interés inferior para as operacións de endebedamento a longo prazo referenciadas ó EURIBOR e á menor consignación de xuros por préstamos a curto prazo, dado que se prevé concertar unha operación de tesourería no exercicio 2013 por importe de 8 millóns de euros, a diferenza do exercicio 2012 que se prevía por 15 millóns de euros.

O importe consignado no capítulo 9 para o exercicio 2013 é de 5.151.469,25 €, que representa un 7,77% do orzamento total de gastos e que supón un incremento con respecto ao ano 2012 do 17,01 % debido a:

- Finalización do período de carencia do préstamo concertado co BBVA en decembro do ano 2010.
- Concertación durante o exercicio 2012 de dúas operacións de crédito a longo prazo co Banco Santander.

O Real Decreto -lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, estableceu a posibilidade de concertar unha operación de endebedamento a longo prazo co obxecto de financiar as obrigas pendentes de pago aos contratistas a que se refería o Real Decreto, é dicir, aquelas que cumpriran os seguintes requisitos: ser vencidas, líquidas e esixibles, que a recepción das facturas correspondentes no rexistro administrativo da entidade local se producira con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012 e que se tratase de contratos de obras, servizos ou suministros aos que lle fora de aplicación o Real Decreto Lexislativo 3/2011.

A concertación desta operación de endebedamento quedaba supeditada á valoración favorable polo órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dun plan de axuste. Valorado favorablemente, entendeuse autorizada a operación de endebedamento.

Capítulo 4 e 7. Transferencias correntes e transferencias de capital

Destinados a recolle-las transferencias correntes que se adicarán ao financiamento de diferentes áreas: educación, cultura, deportes, servizos sociais, etc., así como tamén o importe de subvención destinada aos grupos políticos.

O importe consignado nestes capítulos representa un 7,61 % e un 1,32 % respectivamente con respecto ao total.

É moi importante salientar a diminución destes capítulos con respecto ao 2012, motivada fundamentalmente pola supresión de varias liñas de subvencións e pola redución do importe consignado na transferencia ao Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico en mais de 800.000 euros.

As subvencións concretadas especificamente son as que tradicionalmente figuran expresamente nalgunhas aplicacións orzamentarias.

Capítulo 6. investimentos reais

Neste capítulo figura o investimento de xestión directa pola Deputación, principalmente o de planos e proxectos provinciais e o ligado a Fondos europeos. O seu detallen regúlase no Anexo de investimentos, ó cal me remito.

Capítulo 8. Activos financeiros.

Recolle os anticipos concedidos ao persoal a curto prazo, que se mantén no mesmo importe que no exercicio 2012

O importe consignado para o exercicio 2013 é de 300.000 €.

Debe reseñarse que o estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2013 contén os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles así como dos gastos de funcionamento dos servizos provinciais. Gastos aos que pode facerse fronte coas previsións incluídas no estado de ingresos conforme ao disposto no artigo 168.1 e) do TRLRFL

Ourense, 03 de decembro de 2012

A INTERVENTORA,



Asdo.: Mónica Legaspi Díaz